



Decreto

Data decreto: 28/01/2019

Descrición decreto: Aprobación da convocatoria das axudas de emerxencia social 2019

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, órgano competente para a adopción deste acordo segundo as Bases de Execución do Orzamento, dita a seguinte resolución:

Vista a Ordenanza reguladora das axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social –AISENS – (BOP da Coruña nº 88 do 11/05/2017), se elaborou a convocatoria das referidas axudas para o ano 2019, sendo necesaria a súa aprobación para tramitar a súa concesión.

Visto o informe de Intervención de 28.01.2019 en relación coa convocatoria do 2019

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria das axudas de emerxencia social para o ano 2019, que é do seguinte teor:

CONVOCATORIA DAS AXUDAS EN REXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL E A COBERTURA DE SITUACIÓNS DE NECESIDADE SOCIAL 2019

1. É obxecto desta convocatoria regular para o exercicio 2019 a concesión das axudas para a inclusión social e a cobertura de situacións de necesidade social, en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo coa ordenanza publicada no BOP núm. 88, do 11 de maio do 2017.

2. As axudas para a inclusión social e a cobertura de situación de necesidade social poderán referirse aos seguintes conceptos:

- Alimentación básica e a hixiene persoal e doméstica.
- Vestiario básico-
- Atención dos gastos derivados da vivenda habitual.
- Gastos de aloxamento nun lugar alternativo e temporal.
- Gastos farmacéuticos e de saúde.
- Gastos de desprazamento.
- Axudas escolares.
- Outras axudas: axudas para a atención de situacións de urxente e grave necesidade que non poidan ser atendidas por ningún dos conceptos contemplados nos epígrafes anteriores, previa valoración do/a traballador/a social do departamento de servizos sociais.

3. As aplicacións orzamentarias ás que se imputan os créditos orzamentarios das axudas e o importe máximo anual a conceder son os que se indican na táboa:

Aplicación orzamentaria	Importe
231.48000	3.200,00€
231.78000	1.000,00€
Total	4.200,00€

4. A distribución dos créditos imputados a cada aplicación orzamentaria ten un carácter estimativo, polo que, de ser preciso modificar o reparto do crédito orzamentario total pode levarse a cabo sen necesidade dunha nova convocatoria. Antes da resolución de concesión deberá aprobarse polo alcalde a nova distribución, despois de realizar as modificacións orzamentarias necesarias, e deberá publicarse no taboleiro de anuncios.

5. Poderá incrementarse o importe máximo da convocatoria ata 2.000 € por algún dos seguintes motivos:

- a) A aprobación dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) A existencia de remanentes noutras convocatorias financiadas con cargo a aplicacións orzamentarias do mesmo nivel de vinculación xurídica. A utilización do importe adicional queda condicionada á aprobación polo alcalde do incremento do importe da convocatoria, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios do concello.

6. **Procedemento de concesión en concorrencia non competitiva:** tendo en conta o obxecto e a finalidade destas subvencións, non é necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas, e tramitaranse por orde de rexistro de entrada, polo que segundo o establecido no artigo 19.2 da LSG, exceptúase do requisito de fixar unha orde de prelación ás solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

7. O **prazo para a presentación das solicitudes** estará aberto durante todo o ano , unha vez efectuada a convocatoria correspondente e ata que se esgote o crédito dispoñible. De acordo co artigo 31.4 LSG, cando se produza o esgotamento do crédito orzamentario, o órgano concedente acordará a inadmisión de posteriores solicitudes, debendo publicarse o dito acordo nos mesmo medios que convocatoria.

8. A **instrución** a levarán a cabo os/as traballadores/as sociais do concello, que procederan á comprobación dos datos proporcionados e ao requirimento das emendas que procedan para completar o expediente, de ser o caso. Unha vez completo o expediente, emitirán informe social onde constará a correspondente valoración profesional e no que se porá de manifesto se a persoa interesada cumpre os requisitos para acceder a estas axudas. Posteriormente, efectuará unha proposta de resolución debidamente motivada.

9. Os **criterios de valoración** das solicitudes son os previstos na base reguladora 7.3:

- 1) **Valoración económica:** Procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo do solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar.

Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 6 meses.

Para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa (en base ó IPREM publicado cada ano):

CONVIVENTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Ate o 85 % do IPREM
2	Ate o 105 % do IPREM
3	Ate o 125 % do IPREM
4	Ate o 145 % do IPREM
5 ou máis	Ate o 165 % do IPREM

Tamén se terá en conta o pago de alugamentos ou hipoteca relativos unicamente á vivenda habitual, de xeito que se descontará do computo dos ingresos familiares ata un máximo de 200€ mensuais. Achegarase documentación acreditativa.



En caso de unidades familiares onde exista mala relación entre os seus membros, poderase ter en conta os ingresos económicos de parte da unidade familiar, previa valoración do/a traballador/a social.

2) Valoración social:

O órgano instrutor procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, a través das técnicas e instrumentos propios da profesión, coa finalidade de emitir un correcto diagnóstico social da situación, podendo solicitar, a tal efecto, tanta información considere precisa. Unha vez efectuada a valoración, o/a traballador/a social emitirá o oportuno informe social e a proposta de resolución debidamente motivada.

10. Contías das axudas:

Axudas para a alimentación básica e a hixiene persoal e doméstica:

	1º mes	2º mes	3º mes	Contía total máx.
1 ou 2 persoas	65 €	65 €	65 €	195 €
3 ou 4 persoas	80 €	80 €	80 €	240 €
5 ou máis persoas	100 €	100 €	100 €	300 €

Axudas para vestuario básico:

Máximo de 150 € /ano por unidade de convivencia.

Axuda para a atención de gastos derivados da vivenda habitual:

- **Luz eléctrica:** O consumo pode ser subvencionado ata un máximo de 300 €/ano por unidade de convivencia (a excepción dos expedientes acollidos ó Convenio entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social, xa que neste caso, o Concello asumirá o contía total da débeda da persoa solicitante). Tamén se cubrirá o enganche a luz por corte por non pagamento, neste caso pagarase a contía que esixa a compañía subministradora
- **Gas:** Ata un máximo de 90 € ano por unidade de convivencia.
- **Aluguer da vivenda habitual:** pódese conceder ata tres mensualidades de aluguer, ata un máximo de 750 € anuais (250 €/mes) por unidade de convivencia.
- **Axudas para equipamento básico da vivenda habitual, reparacións menores e limpeza e desinfeccións:** unha soa axuda ó ano, cunha contía máxima de 500 € por unidade de convivencia.

	1º mes	2º mes	3º mes	Contía total
Luz eléctrica	100€	100€	100€	300 €
Gas	30€	30€	30€	90€
Aluguer	250€	250€	250€	750€

Axudas para gastos de aloxamento nun lugar alternativo temporal:

Poderase pagar un aloxamento temporal cun máximo de 5 días e de 500 € de gasto.

Axudas para gastos farmacéuticos e de saúde:

- **Gastos farmacéuticos:** Máximo 150 € anuais por unidade de convivencia.
- **Tratamentos especializados, ortopedia, próteses e lentes correctoras:** Máximo de 300 € anuais por unidade de convivencia.

Axudas para gastos de desprazamento:

Poderase abonar unha axuda dun total de 300 € anuais ou distribuída en tres mensualidades de 100 €.

	1º mes	2º mes	3º mes	Contía total
Gastos desprazamento	100 €	100 €	100 €	300 €

Axudas escolares:

- **Escola infantil:** Máximo 200 € (pago único).
- **Material escolar e libros de texto:** Máximo 200 € (pago único).
- **Actividades extraescolares:** Máximo 200 € anuais.

Outras axudas:

Máximo dun pago anual de 200 € por unidade de convivencia.

11. Resolución: Logo da fiscalización de intervención, a solicitude coa documentación e co correspondente informe social e propostas de resolución, será elevada á Alcaldía ou órgano no que delegue, para que a súa resolución, na que polo menos quedará reflectido: datos identificativos do expediente, motivación da concesión ou denegación e no primeiro suposto, ademais indicárase: contía e fin a axuda se é dineraria ou en especie, aplicación orzamentaria, forma de pagamento e prazo e forma de xustificación, e ser o caso. O prazo para ditar resolución será de 15 días desde a proposta de resolución. A resolución deberá ser notificada á persoa beneficiaria nos prazos establecidos legalmente, xunto co réxime de recursos correspondente.

O procedemento, dende o seu inicio ata a súa resolución, non debe superar o período de 45 días naturais, excepto nos casos en que houbese un requirimento de emenda de documentación, en tal caso o prazo non poderá exceder dos tres meses.

RECURSOS: Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente **recurso de reposición**, no prazo **dun mes**, a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación diante do **Alcalde- Presidente**. Se transcorrido **un mes** dende a interposición do recurso **non se recibiu resolución expresa** do mesmo, terase por **desestimado** e poderase interpoñer o **recurso contencioso- administrativo** ante o Xulgado ou Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo **de 6 meses** a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa. No caso de **resolución expresa desestimatoria** do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso- administrativo será de **dous meses** ante o órgano da xurisdición contencioso- administrativa.

De tódolos xeitos, pódese interpor **directamente o recurso contencioso- administrativo**, sen necesidade de interpoñer previamente o recurso de reposición, ante o órgano da xurisdición contencioso- administrativa, no prazo de **dous meses** a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o interesado estime pertinente.

Segundo.- Publicar a presente convocatoria no taboleiro de anuncios do concello e na BDNS.

Terceiro.- Dar conta desta resolución á Intervención e aos Servizos Sociais municipais.

Porto do Son, 28 de xaneiro do 2019

O ALCALDE- PRESIDENTE,
(asinado dixitalmente)
Asdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO, dou fe,
(asinado dixitalmente)
Asdo. José Manuel González García